

## DOCUMENTO FINAL

A crise sanitaria que estamos a atravesar evidenciou as desigualdades sociais ás que nos confrontabamos, e puxo no punto de mira a urxencia de dar resposta ás necesidades das persoas, tendo en conta os seus dereitos como un piar básico.

As persoas que acoden cada ano aos Encontros Galegos de Participación e Cidadanía Inclusiva, quixeron facelo tamén neste 2021, con máis dereitos que reclamar. Estes víronse vulnerados día a día, cando máis necesarios eran.

A actual situación social e económica require que se dea resposta ás necesidades das persoas dende os seus dereitos e dignidade, como pilares básicos.

Un ano máis, e baixo o lema "Os dereitos básicos non son unha lotería" este encontro pretendía ser un espazo no que traballar de cara ao empoderamento e participación real da cidadanía na sociedade na que viven, centrado especificamente na creación de propostas que combatan a pobreza e a exclusión no novo contexto de reconstrución social.

Neste 2021 o encontro por fin se puido celebrar de xeito presencial, limitado nesta ocasión a un máximo de 65 persoas para asegurar o cumprimento da normativa sanitaria.

Deste xeito, durante a primeira parte da xornada contouse cunha mesa redonda que daba paso aos temas que se tratarían ao longo da xornada, nunha segunda parte, en grupos reducidos foron traballados ditos temas de cara a elaboración de propostas para combater estas desigualdades.



## OS DEREITOS BÁSICOS NON SON UNHA LOTERÍA



Durante a crise sanitaria provocada pola Covid-19, as problemáticas xa existentes e que historicamente se reivindicaron, fóronse profundando. O confinamento supuxo un aumento drástico das dificultades de acceso a dereitos e servizos públicos.

Deste xeito, o encontro centrouse en torno a tres temáticas, que se configuran como dereitos básicos ou barreiras no acceso aos mesmos:

1. **A fenda dixital**, que afecta transversalmente ao cumprimento e acceso a servizos e dereitos.
2. **A exclusión bancaria** ou a vulneración dos dereitos económicos e financeiros.
3. **A vivenda**, como pilar fundamental e elemento clave na protección contra situacións de pobreza e exclusión cando é digna, axeitada e accesible.

As persoas asistentes traballaron en grupos reducidos o xeito en que estas cuestións afectan na vida diaria e, sobre todo, cales son as propostas para que estes dereitos sexan garantidos. Para rematar, realizouse unha votación para priorizar as propostas de todos os grupos.

“Con toda a carga burocrática á que nos enfrentamos en tódolos eidos, asemella que en lugar de asegurar os nosos dereitos, nos estean a facer un favor”

### PROPOSTAS DOS GRUPOS DE TRABALLO



#### ► Bloque Fenda Dixital

1. Crear centros con horarios amplos en cidades e medio rural onde se poida acceder a recursos tecnolóxicos (ordenador, impresora...) de forma gratuíta e con acompañamento de profesionais.
2. Acceso a Internet regulado como dereito universal básico. Sanción de prácticas abusivas e tarifas especiais para situacións concretas. Seguridade dixital. Linguaxe comprensible, idioma e accesibilidade.
3. Convivencia entre trámites dixitais e presenciais.
4. Mellora de infraestruturas de redes e coberturas.
5. Axilizar burocracia para non duplicar trámites. Gratuidade de servizos telefónicos de servizos esenciais (SEPE, INSS, Sanidade...).

“Estou perdendo a miña autonomía”

6. Capacitar no uso das TIC'S a través de unidades de apoio e facilitadores educativos e/ou unidades de apoio para que as persoas teñan autonomía para o seu manexo.
7. Creación dunha biblioteca dixital de préstamos de recursos dixitais (tablets, smartphone...)
8. Creación de proxectos sociais específicos dirixidos a persoas maiores e outros colectivos vulnerables para capacitar á persoa.

**“Non puiden pedir cita no médico por falta de acceso a internet”**

9. Adaptación de formularios a idiomas maioritarios. Que as páxinas web dispoñan de información accesible en varios idiomas.

## ► Bloque Dereitos económicos

1. **Eliminación de comisións bancarias se non se supera un limiar de ingresos mínimos.**
2. **Obrigación para os bancos da apertura dunha conta bancaria a calquera persoa, sen posibilidade de poder rexeitar dita apertura, así como poder cerrala en calquera momento sen comisión.**

**“Teño que pagar unhas comisión abusivas para abrir unha conta bancaria”**

3. **Eliminar o trato discriminatorio a persoas migrantes ou en situación de pobreza nas oficinas bancarias.**

4. **Eliminación do cepo bancario preventivo en sancións de calquera tipo de administración pública.**

5. Eliminación da burocracia excesiva á hora de abrir unha conta bancaria.
6. Evitar a falta de información e transparencia á hora de contratar calquera tipo de produto bancario.
7. Que as Administracións poñan freo a políticas financeiras abusivas, evitando ademais que os bancos apliquen cobros indebidos.
8. Obrigación de manter servizos mínimos bancarios en cada poboación, independentemente do número de habitantes, polo menos 5 días á semana.
9. Revisión periódica dos arquivos de morosidade, evitando a negativa indiscriminada de financiación ás persoas que o necesitan
10. Permitir o control dos nosos datos persoais e configuración da privacidade nos contas bancarias.
11. Permitir o pago de recibos ou demais trámites bancarios de forma manual, ampliando o prazo de atención nas oficinas bancarias, que en moitos casos é reducido.

**“Pedíronme pagar un seguro para abrir unha conta bancaria.”**

## ► Bloque de Vivenda

1. **Control e sanción das vivendas para asegurar condicións dignas e evitar a discriminación e os abusos.**
2. **Ampliar o parque de vivenda pública permanente que responda á demanda, con aluguer social segundo ingresos.**
3. **Axudas para o alugueiro de contía suficiente, tamén para avales e fianza e que se dean con carácter previo ao desembolso que implica. Axilizar e diminuír a burocracia.**
4. Control de prezos do aluguer e gastos asociados.
5. Solucións habitacionais de emerxencia. Control el sanción a vivendas valeiras e tamén incentivos a propietarios. Rehabilitación das vivendas debería contar como pago para o acceso.
6. Crear un servizo público de vivenda a nivel mediacións, avales, axudas. Tamén controis.
7. Reforma do marco legal para que se cumpran as condicións de habitabilidade e onde se recollan os requisitos/condicións que os propietarios poidan solicitar.
8. Habilitar un servizo específico de asesoramento en vivenda ante conflitos. É un dereito e debemos aprender a esixilo como tal.
9. Rescate hipotecario pola débeda de falta de pagamento antes dos desafiuzamentos.
10. Creación dun plan de fomento no rural que incite aos concellos a rehabilitar casas abandonadas e valeiras tendo en conta as barreiras sociolaborais.
11. Regularizar o prezo dos alugueres evitando o aumento polo feito de que se alugue por habitacións.

**"Non vivo, sobrevivivo"**

**"Teño que decidir cada mes se como ou se pago o alugueiro"**

Finalmente tras a realización de propostas por parte dos grupos, levouse a cabo unha votación para seleccionar aquelas medidas prioritarias entre as propostas realizadas ao longo da xornada. Os resultados foron os seguintes:



## Fenda dixital

- Creación de centros con horarios amplos en cidades e medio rural onde se poida acceder a recursos tecnolóxicos (ordenador, impresora...) de forma gratuíta e con acompañamento de profesionais.
- Acceso a internet regulado como dereito universal básico. Sanción de prácticas abusivas e tarifas especiais para situacións concretas. Seguridade dixital, linguaxe comprensible, idioma e accesibilidade.



## Vivenda

- Control e sanción das vivendas para asegurar condicións dignas, evitar discriminación e abusos.
- Ampliar o parque de vivenda pública permanente que responda ás demandas, cun alugueiro social segundo ingresos.



## Dereitos económicos

- Eliminación de comisións bancarias se non se supera un limiar de ingresos mínimos.
- Obrigacións para os bancos da apertura dunha conta bancaria a calquera persoa, sen posibilidade de rexeitar dita apertura, así como poder cerrala en calquera momento sen comisión. .